



 SANDRA MARTÍNEZ COSTA

Carmiña empezou a traballar para axudar os seus proxenitores ós trece anos. Nacida en Moaña, adicou toda a súa vida ó medio de subsistencia que tiñan os habitantes desa poboación: o mar. Así que, desde moi curta idade o peixe e o marisco foron o seu medio de vida.

Ós oito anos deixei a escola porque os meus pais me dicían que con prepararme para casare era suficiente. Ó pouco eles enfermaron e eu tiven que adicarme a coidar dos meus tres irmáns.

Con dezaseis anos Carmiña cargaba cestas e levaba a vender o que o seu pai e o seu irmán pescaban. Erguíase ás seis da mañá e collía o primeiro vapor de pasaxe da mañá cara Vigo, onde ía á lonxa para vender o peixe.

Carminha

e as faenas do mar

Ía andando ata o barco, coa cesta de peixe na cabeza, cargadiña con 20 ou 30 quilos. Os días que se pillaba marisco case había festa na casa, pero logo o camarón voltouse escaso, e os homes da casa adicaronse ós «oficios baixos», peixe pequeno que daba moi pouco beneficio.

Carminha lembra que o camiño ata Vigo era duro, e cando chovía o peixe se lle mollaba e chegaba quebrado, así que tiña que tiralo, ou aguantar que lle desesen moi pouco por el.

Soían darme unhas dez pesetas polo marisco que vendía. Ás veces non atopaba quen o comprase e tiña que dárllelo ós gatos ou ás galiñas. No mercado, moitos se aproveitaban de que eu era unha nena e me daban «reais» en lugar de pesetas. E para aínda máis, cando chegaba á casa, a miña nai castigábase por parviña!

De cando en vez a súa nai lle daba catro ou cinco pesetas das que ela gañaba na lonxa.

Gastábaas no baile... había un baile tódolos domingos e alí nos reuniamos a rapazada. As miñas amigas sempre me dixeron que lles roubase algunha «chica» a meus pais para comprarme roupa para as festas, pero eu nunca o fixen.

Ós dezasete anos, Carminha empezou a traballar nunca fábrica de conservas e, ó pouco, acabou casando.

Aínda despois de casada seguía axudando aos meus pais. Ía vendé-lo marisco que eles collían e empecei a ir ó berberecho cando se abría a veda. Ás veces mesmo ía ó mar co meu irmán. Saíamos á anoitecida e se a noite era boa volvíamos ou íamos directos a Vigo no noso barco e esperábamos ata que abría a lonxa.

Aínda despois de casar, Carminha continuou ligada ó mundo do mar.

Cando naceron os meus fillos deixei de ir á pesca, pero seguíndo indo ó marisco. Cada ano, por setembro, ía cando se abría a veda e así sacaba os cartos para os libros da escola dos nenos. Por entón calquera podía ir libremente á praia... e, escarbando na area... sacar uns quilos de berberecho ou ameixa, que era a que se pagaba mellor...

¡porque hai que meterse na auga ata a cintura, ou colle-la desde unha gamela cun angazo! Para ir había que erguerse ás sete da mañá e pasabas unhas seis ou sete horas, ¡ou o que o corpo che aguantase!, agachada buscando «croques». Ó primeiro había para todos, pero logo duns anos xa había que esgarbellar moito para atopar algo de proveito...

A principios dos noventa, a Administración cambiou a normativa sobre actividades acuíferas e pesqueiras, e obrigou as mariscadoras a legalizarse a través da obtención dunha serie de permisos.


Eu saquei o carnet de mariscadora, pero só fun un ano. Había que declarar todo o que sacabas aínda que había quen levaba algúns quilos escondidos para a casa, e ademais tiñamos unha cantidade límite por día. Había que pagarlle á Xunta tódolos meses, e deixou de compensar economicamente.

Moitas mulleres deixaron a actividade neses anos, e aínda que a recolección do marisco se fai de igual xeito, a situación laboral destas mulleres cambiou moito desde entón.

Ó deixar de ir «á praia», Carminha empezou a traballar nunha depuradora de mexillón. Alí se limpaba o que saía das baiteas para levar logo á poxa, enviar ás conserveiras ou mesmo algún para enlatar alí mesmo.

Empezaba a traballar ás seis ou sete da mañá, e pasaba todo o día descargando sacos de mexillón para pesalo. Deixei-no ós poucos meses porque me puxen enferma.

Agora outras mariscadoras seguen a tradición no Morrazo. Na actualidade, o sistema de produción acuífera é distinto, xa que as mulleres non se adican só aos labores de recolección, senón tamén á cría e coidado do produto ó longo de todo o ano.

A vida do mar é dura, pero non é un mundo exclusivo de homes. As mulleres tamén o saben. 



andaina

